


PREVENCIÓN DE RISCOS EN PISCIFACTORÍAS

05
L

DD ISSGA

LEMBRA

PESCA



INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

RuralEs
Programa de Desenvolvemento Rural Sostenible

Galicia
inverte no **RURAL**



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIOAMBIENTE



**XUNTA
DE GALICIA**

Índice

PREVENCIÓN DE RISCOS EN PISCIFACTORÍAS

Capítulo	Páxina
1 Riscos nos lugares de traballo	3
2 Risco eléctrico	5
3 Trastornos musculoesqueléticos e manipulación de cargas	6
4 Exposición a condicións ambientais desfavorables	10
5 Riscos biolóxicos e condicións hixiénicas no traballo	11
6 Exposición a axentes químicos perigosos	12
7 Perspectiva de xénero	15
8 Sinalización	16
9 Medidas de emerxencia	17
10 Primeiros auxilios	20
11 Equipos de protección individual	22
12 Lexislación básica	23



AUTORÍA

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

COORDINACIÓN

José Riega Piñeiro – Técnico do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

EDICIÓN

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
Casa da Parra - Praza da Quintana, s/n
Santiago de Compostela
issga.xunta.es
Santiago de Compostela, 2015

DESEÑO

www.anallit.es

MAQUETACIÓN

Grupo Amets-Eco 3g Consultores

DEPÓSITO LEGAL

C 1809-2015

IMPRESIÓN

Celta de Artes Gráficas S.L.



© ISSGA, Xunta de Galicia.
Os Lembra do Issga. Prevenición de riscos en piscifactorías

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<http://issga/portal/contido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC - Atribución - Compartir/Igual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES

Riscos nos lugares de traballo



Mantén libre de obstáculos e de auga os corredores e as escaleiras.



Utiliza botas ou calzado de seguridade antiescorregadizo sobre o chan mollado.



Asegúrate de que as canles de drenaxe están ben protexidas.



Lembra que existe risco de incendio pola presenza de líquidos inflamables, de instalacións eléctricas, etc.



Utiliza máscara e/ou lentes de seguridade nas tarefas de transvasamento en probetas e caldeiros nos laboratorios.



Asegúrate de que os tubos para transvasamento teñan a protección e a sinalización axeitada.



Mantén orde e limpeza, especialmente nas zonas húmidas onde se incrementa o risco de desprazamento de obxectos.



As zonas con risco de caída dende altura deben dispor das proteccións axeitadas (varandas, redes, etc.) e da sinalización do dito risco.



Emprega os elementos auxiliares axeitados para acceder aos tanques: escadas ou plataformas.

Riscos nos lugares de traballo



Presta especial atención ás operacións con escadas: acceso a tanques, estantes altos, etc.



Ten coidado cos desniveis no plano de traballo, xa que supoñen un risco directo de caída.



Asegúrate de planificar e sinalizar as tarefas de carga e transporte.



Mantén unha boa iluminación nas zonas de traballo, especialmente para actividades que requiren dunha grande atención visual.



Emprega os EPI axeitados para os traballos manuais (manexo de trueiros, redes, mallas, etc.)




Asegúrate de que dispós de chalecos salvavidas preto das piscinas.



Fai uso do arnés sempre que sexa necesario acceder aos tanques dende arriba.



Realiza un correcto amoreamento do material (sacos de penso, produtos de limpeza e mantemento, ferramentas, mangueras, etc.)



Lémbtrate de asegurar nas estanterías os elementos susceptibles de caída (probetas, bolsas de microalgas, útiles, etc.)

Risco eléctrico




Non esquezas que está prohibido manipular elementos eléctricos sen a formación e a protección axeitadas.



A instalación eléctrica debe ter un mantemento periódico.

Os equipos conectados deben incluír un fusible que desconecte o circuíto se se sobrecarga ou falla.



Fixate sempre na sinalización de risco eléctrico existente nos cadros e nos equipos.

Non manipules os equipos coas mans molladas; a auga é condutora da electricidade.



Evita empregar ladróns, e usa cables de extensión só cando sexa estritamente necesario.



Mantén en bo estado as tapas protectoras da instalación eléctrica, dos interruptores e dos enchufes, para evitar que entre o po e a auga.



Todos os equipos de traballo deben posuír carcargas ou envoltentes que eviten os contactos eléctricos directos.




Asegúrate de evitar a presenza de cables nas zonas de paso, e emprega instalacións suspendidas de cableado cando sexa posible.

1 · 2 · 3 · 4

Trastornos musculoesqueléticos (TME) e manipulación de cargas



- Durante o levantamento de cargas adopta unha posición estable, mantén o peso do corpo sobre os pés, e mantenos separados.



- Se a carga se atopa no chan dobra os xeonllos mantendo as costas rectas e aproxima a carga ao corpo, aproveitando a forza das pernas.


Riscos xerais



- Colle a carga firmemente coas dúas mans e mantén os brazos e os codos próximos ao corpo. Levanta o obxecto gradualmente e sen movementos bruscos coa columna recta.
- Contrae os músculos abdominais e glúteos para estabilizar a pelve antes de mover un obxecto. Isto protexe tamén os ligamentos e articulacións contra a tensión e as lesións. Expira no momento da forza.




- Non levantes cargas por enriba da cintura nun só movemento, e lembra que non se deben manexar cargas por enriba de 175cm.



- Procura recoller e depositar as cargas a unha altura próxima á cadeira. Mantén a carga tan preto do corpo como sexa posible.



- Durante o levantamento e o transporte non xires o tronco sen xirar as pernas.




- Manipula cargas adaptadas á túa capacidade, e con boas agarradoiras.



- Pesos máximos habituais:
Varón acostumado: 25 Kg
Muller adestrada: 15 Kg
- Elementos que poden superar os 25 Kg: caldeiros, tanques, bolsas de microalgas, sacos de penso, etc.

1·2·3·4

Trastornos musculoesqueléticos (TME) e manipulación de cargas



- Pide axuda para manipular cargas voluminosas, pesadas ou que presenten dificultade para agarralas.



- Aplica unha boa técnica de manipulación de caldeiros e emprega elementos auxiliares que che faciliten o traballo.



- Aproveita o peso do corpo de modo efectivo para empuxar os obxectos ou tirar deles.



- Cando a carga non dispoña de boas agarradoiras, limita o peso máximo que manipulas.



- Lembra que na piscifactoría son moitos os elementos que poden non ter boas agarradoiras: caldeiros, bañeiras, sacos de penso, bolsas de microalgas, etc.



1 · 2 · 3 · 4

Trastornos musculoesqueléticos (TME) e manipulación de cargas



Asegúrate de que as zonas que teñas que percorrer con carga estean libres de obstáculos, e a zona de descarga despexada.



Asegúrate de que as mangueras están completamente baleiras cando as manipulas, así diminuirás a carga manipulada e evitarás lesións por sobreesforzo.



Nas tarefas de transvasamento de caldeiros, aproveita os equipos de transporte de cargas, as carretas manuais, as carretas motorizadas, etc.



Emprega roupa impermeable (e térmica cando conveña) para evitar contracturas musculares nos postos de traballo con alta humidade e baixas temperaturas.

Realiza exercicios de estiramento muscular e quecemento articular de pescozo, ombro e lombo, antes de comezar a xornada de traballo en calquera das zonas. Ademais, lembra realizar unha pausa de 10 minutos cada dúas horas de traballo, para realizar estiramientos musculares.



Trastornos musculoesqueléticos (TME) e manipulación de cargas

Posturas forzadas



Nas tarefas de manipulación de cargas (traslado de bañeiras e caldeiros, abastecemento de pensos, etc.), mantén a zona lumbar recta e busca posicións estables que che permitan trasladar o esforzo ás pernas.



Nas tarefas de limpeza e preparación de tanques emprega sempre unha escada de man para acceder á limpeza dende a parte superior, e evitar elevacións de ombro durante a aplicación da forza.



Nas tarefas con posturas estáticas de pescozo (abastecemento de penso, limpeza de tanques, mostraxe de rotífero, clasificación de peixes, obtención de ovos...) tenta incorporar a cabeza a unha posición neutra para dar repouso á rexión cervical.



Alterna eventualmente o traballo entre brazo esquerdo e dereito naquelas tarefas que esixan o traslado de bañeiras e caldeiros, e nas tarefas de limpeza que esixan aplicar forzas con membros superiores.



Movements repetitivos

Realizar rotacións entre os postos de traballo para non estar máis de media xornada realizando tarefas repetitivas (por exemplo clasificación e verificación de peixe, obtención de ovos e esperma, etc.) diminuindo así o risco de aparición de doenzas.

Exposición a condicións ambientais desfavorables



Non esquezas que deben existir instalacións de climatización axeitadas para proporcionar temperatura e humidade óptimas.



Lembra que as instalacións deben ter un reforzamento dos illamentos, e unha elevación mediante plataformas nos chans húmidos.



Reduce ao mínimo o tempo dentro das cámaras frigoríficas, e intercambia esta tarefa cos compañeiros.



As cámaras frigoríficas con temperaturas inferiores a 0°C deben ter sinal luminoso de presenza de persoas no interior, alarma óptica e acústica, machado tipo bombeiro, e un sistema que permita abrílas dende o interior.



Emprega roupa impermeable axeitada (e térmica se é preciso), evita a proxección de líquidos, e substitúe a roupa sempre que sexa necesario.



Emprega botas de seguridade con niveis altos de impermeabilización e acumulación térmica.



Emprega roupa laboral axeitada segundo a época do ano cando teñas que realizar tarefas á intemperie, e no verán lembra ademais protexerte da radiación solar directa.

Riscos biolóxicos e condicións hixiénicas no traballo



Usa as luvas sempre que sexa preciso para evitar o contacto directo cos peixes e os despojos, xa que poden ser fonte de doenzas infecciosas ou parasitarias.

Se ao usar as luvas detectas problemas na pel, considera a posibilidade de ter alerxia ao caucho ou ao látex, e comunícallo ao médico.



Asegúrate de almacenar ben os produtos empregados no tratamento do cultivo para evitar a aparición de roedores, insectos, parásitos e aves.



A subministración de auga nas instalacións das piscifactorías debe ter un control hixiénico.



As instalacións deben ter contedores para o almacenamento temporal dos despojos.



As instalacións deben ter chans e paredes impermeables que faciliten a súa limpeza e desinfección, e dispor de sistemas que faciliten a drenaxe ou saída de augas residuais. Ademais, debe existir unha ventilación axeitada.

Exposición a axentes químicos perigosos



Asegúrate de empregar as luvas nas tarefas nas que manipules substancias tóxicas ou nocivas.

Emprega equipos de respiración autónoma ou semiautónoma en tarefas que o requiran (descapsulado da artemia, etc.).



Se podes elixir, selecciona produtos químicos pouco agresivos para a saúde.



Almacena os produtos químicos en lugares axeitados e mantenos sempre ben etiquetados.



É importante ter a formación axeitada para o manexo dos produtos químicos. Presta atención as súas etiquetas e ás fichas de seguridade.



Evita o contacto directo con axentes químicos que poden producir queimaduras epiteliais.



En caso de contacto accidental por salpicadura con corrosivos ou irritantes, acóde inmediatamente á ducha ou ao lavaollos de emerxencia.



Asegúrate de manter unha boa ventilación nas zonas onde se empregan substancias tóxicas e nocivas como formol, amonio, lixivia, e outros produtos de limpeza e desinfección.

1 · 2 · 3

Exposición a axentes químicos perigosos

Risco de contacto

Cando nas etiquetas dos produtos observes os seguintes pictogramas de risco.

H314

Provoca queimaduras na pel e lesións oculares graves



GHS05

Corrosión

H318

Provoca lesións oculares graves

H312

Nocivo en contacto coa pel

H315

Provoca irritación cutánea



GHS07

Signo de exclamación

H319

Provoca irritación ocular grave

Risco de inhalación

H350

Carcinoxénicos



GHS08

Silueta humana afectada

H331

Tóxico no caso de inhalación



GHS06

Caveira e tibias cruzadas

H332

Nocivo en caso de inhalación



GHS07

Signo de exclamación

EUH031

En contacto con ácidos libera gases tóxicos

1-2-3

Exposición a axentes químicos perigosos

Risco de inxestión

Cando nas etiquetas dos produtos observes os seguintes pictogramas de risco.

H302

Nocivo en caso de inxestión



GHS07

Signo de exclamación

Risco de incendio e explosión

H271

Pode provocar un incendio ou unha explosión, moi comburente



GHS03

Chama sobre círculo

H272

Pode agravar un incendio

H226

Líquidos e vapores inflamables



GHS02

Chama

H242

Perigo de incendio no caso de quecemento

Risco de explosión

H280

Contén gas a presión, perigo de explosión no caso de quecemento



GHS04


Bombona de gas

Perspectiva de xénero

1

Atención a estes riscos!

- Ruído
- Calor
- Frío
- Golpes
- Desprazamentos
- Manipulación manual de cargas
- Movementos e posturas forzadas
- Axentes químicos perigosos
- Atmósferas con deficiencia de osíxeno



- Respecta as indicacións sobre os riscos aos que non debe estar exposta unha muller durante o embarazo ou a lactación.

- Informa ao servizo médico se estás embarazada, tivesches un parto recentemente ou estás en período de lactación.

Sinalización

A sinalización axuda a prever os riscos, non os elimina

- A sinalización é unha medida complementaria que te informa sobre os riscos e o xeito de reducilos. Nunca elimines as sinalizacións de advertencia ou seguridade.

Sinais en forma de paneis

Obriga

- Forma redonda
- Fondo azul
- Pictograma branca



Prohibición

- Forma redonda
- Fondo branco
- Pictograma negra
- Contorno vermello con banda diagonal (como as de tráfico)



Advertencia

- Forma triangular
- Fondo amarelo
- Pictograma negra
- Contorno negro



Incendio

- Forma de paralelogramo
- Fondo vermello
- Pictograma branca



Salvamento e primeiros auxilios

- Forma de paralelogramo
- Fondo verde
- Pictograma en branca



Medidas de emerxencia

Riscos que poden producir unha emerxencia

Incendios, inundacións, accidentes graves, atmósferas perigosas, derrubas, etc.



- Tes que coñecer as vías de evacuación, os puntos de encontro e os medios de control dispoñibles.



- Participa sempre nos simulacros de emerxencia.



- Se podes neutralizar a situación cos medios existentes sen risco, fáino. Se non podes, comunica a emerxencia e espera ás axudas.



- Aínda que non chegara a producirse a emerxencia, comunica sempre a incidencia.

- Non te arrisques inutilmente, nin provoques un risco maior que o existente.



- Iniciada a alarma, permanece alerta a novas indicacións.



- ¡Os medios de comunicación previstos para emerxencias son só para emerxencias!



- Inicia a alarma polos medios previstos no plan en canto detectes unha situación que o requira.


Medidas de emerxencia

1 · 2 · 3


Instrucións xerais de evacuación



- Ao escoitar o sinal de evacuación debes abandonar a zona. Desconecta os equipos, corta as chaves de paso se se trata dunha fuga de auga, e conserva a calma. Non berres, non te excites innecesariamente pois esto pode estenderse o pánico.



- Camiña cara á saída máis próxima, nonurras e mantén a serenidade para saír de forma rápida, ordenada e en silencio. Non perdas tempo recollendo obxectos persoais, a túa vida e a dos demais son de maior importancia.



- Emprega as vías principais de evacuación. Se estas están bloqueadas usa as vías secundarias ou saídas de emerxencia. Non utilices nunca ascensores ou montacargas. Nas escaleiras ten especial coidado, baixa con rapidez, pero sen correr.



- Ao chegar á saída da zona evacuada, afástate dela para non dificultar a evacuación do resto de persoal, e non retrocedas cara ao interior.




Medidas de emerxencia

Instrucións en caso de incendio



- Se o lume é pequeno intenta sufocalo cos medios de extinción dispoñibles. Sitúate sempre entre a saída e o lume. Se o lume é grande, desaloxa o recinto, non corras riscos innecesarios.



- Protexa as túas vías respiratorias no caso de haber fume na vía de evacuación, e procura respirar ao nivel do chan, evitando as zonas nas que se acumulan os gases quentes procedentes do incendio.

- Pecha as portas e fiestras ao saír para evitar correntes de aire que propaguen o lume, e desconecta os equipos sempre que sexa posible (aire, gas, etc).

Instrucións en caso de accidente



- Mantén a calma, tranquiliza ao accidentado, e evita aglomeracións ao seu arredor. Ademais non o movas sen valorar antes o seu estado, excepto no caso de que a situación así o requira (risco de explosión, incendio, etc.).



- Non deas de comer ou beber ao accidentado, e sempre que sexa posible tapa ao accidentado cunha manta ou similar.

- Se non coñeces as técnicas de primeiros auxilios, non interveñas. Avisa ao persoal capacitado, e non abandones ao accidentado.



Primeiros auxilios

Feridas

- Lavar con auga e xabón e secar.
- Desinfectar con auga osixenada ou algún produto iodado.
- Tapar a ferida cun apósito estéril e comprimila para deter a hemorraxia.
- Trasladar o accidentado a un centro sanitario, no caso de ser necesario.




Queimaduras:

- Lavar con auga corrente.
- Non romper as ampolas.
- Tapar cun apósito estéril.
- No caso de grandes queimaduras, non tirar a roupa (agás no caso de queimadura química).



Fracturas:

- Non mover ou facer mover o ferido.
- Non tirar a roupa ou o calzado para descubrir a zona afectada, cortar con tesoiras.
- Non corrixir a deformación que presente a zona.
- Inmovilizar a fractura collendo sempre a articulación superior e inferior.
- Non transportar o accidentado sen inmovilizalo previamente.



Intoxicacións:

- En caso de inhalacións tóxicas, ventila inmediatamente a zona e, ben protexido, retira ó afectado da zona contaminada.
- En caso de intoxicación dixestiva, recolle a ficha de datos de seguridade e acode ao médico. Se foi un ácido pode ser bo beber auga con bicarbonato. Se foi unha base bebe líquidos ácidos (zumes). Se foi outro axente químico inxire carbón activo.

Contactos químicos:

- En caso de contacto químico coa pel, lava a zona afectada durante 15 minutos, cubrea e acode ao médico coa ficha de datos de seguridade.
- En caso de contacto químico cos ollos, utiliza o lavaollos durante 15 minutos e logo acode ao médico.



Hemorraxias:

- Deita ao accidentado.
- Cobre a ferida cun apósito estéril e comprime sobre a hemorraxia.
- Eleva a zona que sangra.
- Traslada ao accidentado a un centro sanitario, no caso de ser necesario.



Contusións ou golpes que non producen rotura da pel :

- Aplicar frío seco na zona (bolsa de xeo rodeada cun pano).

A actuación rápida ante un accidente pode salvar a vida dunha persoa ou evitar complicacións

Protexer

Asegúrate de que tanto o accidentado coma ti estades fóra de perigo.

Avisar

da existencia do accidente para así activar o sistema de emerxencia.

Socorrer

ao accidentado, recoñecendo en primeiro lugar os seus signos vitais:

- **Conciencia:** O ferido está consciente se é capaz de responder ás túas preguntas (nome, lugar onde se atopa, etc.).
- **Respiración:** Debes comprobar se o ferido respira cando está inconsciente achegando o oído ao seu nariz ou á súa boca.
- **Funcionamento do corazón:** Debes comprobar se o corazón segue funcionando cando non hai respiración ou non hai pulso.

A maior complicación é unha parada cardio pulmonar.
Debes saber recoñecela e facer a reanimación cardio pulmonar.

RCP

Se o accidentado non respira pero conserva o pulso:

- Comproba que as vías están despexadas.
- Abre cunha man a boca do accidentado.
- Sela coa outra man o nariz.
- Sopra ao aire dentro da súa boca.
- Realiza unhas 10 insuflacións por minuto.



Se o accidentado non respira nin ten pulso:

- Abre a vía aérea e realiza dúas insuflacións de aire.
- Pon o talón dunha man no centro do tórax da vítima, e o talón da outra man enriba da primeira. Entrelaza os dedos das mans e asegúrate de que non aplicas a presión sobre as costelas da vítima. Non apliques a presión sobre a parte superior do abdome ou o extremo inferior do esterno. Colócate verticalmente, enriba do tórax da vítima e cos brazos rectos preme sobre o esterno, afundíndoo polo menos 5 cm.
- Realiza mais de 100 compresións por minuto.
- Realiza 2 ventilacións por cada 30 compresións.

Equipos de protección individual (EPI)

1



Casco

Emprega o casco cando manipules cargas en suspensión.

Luvax

Protexe as mans con luvax cando manipules ferramentas.



cando entres en contacto cos peixos ou despozos, e cando traballes con substancias tóxicas ou nocivas.

Equipos de respiración autónoma ou semiautónoma

Asegúrate de empregar un equipo de respiración para facer o descapsulado da artemia.



Máscara e lentes

Emprega a máscara e/ou lentes ao realizar transvasamentos en probetas e cubas, e cando entres en contacto con substancias tóxicas ou nocivas.



Protección térmica

Emprega a roupa axeitada para entrar nas cámaras rigoríficas ou se tes que traballar á intemperie.



Botas

Utiliza botas ou calzado de seguridade antiescorregadizo e impermeable.



Chaleco salvavidas

Utiliza o chaleco salvavidas sempre que traballes nas piscinas



Arnés

Fai uso do arnés sempre que sexa necesario acceder aos tanques dende arriba.



Lexislación básica

1

Relación non exhaustiva de normativa de prevención de riscos laborais:

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. (BOE do 10/11/1995)

Real decreto 487/1997, do 14 de abril polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas. (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 665/1997, do 12 de maio polo que se establecen disposicións mínimas sobre protección dos traballadores a axentes cancerixenos durante o traballo. (BOE do 24/05/1997)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos Servizos de Prevención. (BOE do 31/01/1997)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual. (BOE do 12/05/1997)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo. (BOE do 07/08/1997)

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo. (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 374/2001, do 6 de abril polo que se establecen disposicións mínimas sobre a protección dos traballadores a axentes químicos. (BOE do 1/05/2001)

Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas. (BOE do 11/10/2008)

Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro sobre coordinación de actividades empresariais. (BOE do 31/01/2004)

Regulamento CE 1272/2008 de 16 de decembro sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias e mesturas.

Real decreto 486/1997, do 14 de abril polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico. (BOE núm. 148 do 21/96/2001)

Real decreto 664/1997, do 12 de maio, protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo. (BOE núm. 124 do 24/05/1997)



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral

galicia

05 LEMBRA PESCA

00 ISSGA

PREVENCIÓN DE RISCOS
EN PISCIFACTORÍAS

